

Revista de Información Municipal. Nº 5. Xullo 2009

Campo Lameiro

Capital da Arte Rupestre



**O Parque Arqueolóxico convertirá
Campo Lameiro nun centro turístico
e cultural de referencia mundial**

Pax 3-6

**Un paseo fluvial, un parque botánico
natural e unha renovada ruta dos muiños,
mellorarán o contorno do Lérez**

Pax 7-9

**O concello destina este ano 1,4 millóns de euros
a servizos e a obras de saneamento, abastecemento
de augas e outras infraestruturas** Pax 14-17

EDITORIAL

A riqueza paisaxística e cultural de Campo Lameiro, eixe do seu desenvolvemento futuro

Lembraba na anterior edición desta publicación o gran valor do patrimonio arqueolóxico do noso Concello e incidía na necesidade de conservar e promover esta gran riqueza. Hoxe asómome a estas páxinas coa seguridade de que, no prazo dun ano, o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre estará en funcionamento e o noso Concello convertirase así nun centro de referencia mundial para o estudo, investigación e difusión da arte rupestre.

Asemade, esta nova infraestrutura traerá a Campo Lameiro máis de 80.000 persoas cada ano. Un gran colectivo de visitantes que demandará servizos e que, sen dúbida, quedará impresionado pola riqueza paisaxística e natural do noso municipio.

Por iso, desde o Goberno local estamos prestando especial atención á ordenación adecuada destes recursos e á promoción dunha xestión sustentable, que permita compatibilizar o aproveitamento económico dos espazos naturais coa súa conservación e protección.

Apostar pola sustentabilidade

A sociedade dá cada día máis valor ó medio ambiente, de aí que o aproveitamento recreativo e social dos espazos naturais se estea a converter nun dos xacementos de emprego con maiores posibilidades de futuro en toda Europa.

A agricultura ecolóxica, o turismo rural, os deportes ó aire libre (como as rutas a caballo, o rafting ou o sendeirismo) e a produción de froitos silvestres, son actividades que permiten sacar un



O alcalde, Julio Sayáns.

alto rendemento ós terreos forestais e agrícolas, ó tempo que se impulsa a súa conservación e protección. Todas elas teñen demostrado en numerosos puntos de Europa unha gran capacidade de xerar emprego e, polo tanto, de fixar poboación nos lugares onde se desenvolven.

Campo Lameiro reúne condicións excelentes para o desenvolvemento de todas estas actividades.

Por iso, estamos convencidos de que o futuro do concello pasa por apostar forte

polo aproveitamento da enorme riqueza paisaxística, cultural e patrimonial do municipio.

Temos recursos dabondo para especializarnos e poñer no mercado unha oferta turística, cultural e produtiva diferenciada e, no actual mercado global, a diferenciación e a especialización son a base do éxito.

Propostas de futuro

Non esquecemos, no entanto, que o papel dun Goberno local debe atender tamén outros aspectos, como a dotación e mellora das infraestruturas e os servizos, asuntos cos que estamos plenamente comprometidos, conscientes de que resultan prioritarios á hora de garantir unha mellor calidade de vida para os nosos veciños e veciñas.

A extensión progresiva do saneamento a todos os núcleos do concello, a mellora do abastecemento de auga e dos accesos ós distintos lugares do municipio, así como a dotación de novas infraestruturas sociais e culturais, son tan só algúns dos traballos que estamos a impulsar na actualidade, sen esquecer a posta en marcha da Escola Infantil e a próxima creación dun Centro de Día, dous proxectos que o Goberno local foi quen de sacar adiante en pouco tempo e que, sen dúbida algunha, darán un gran servizo a boa parte dos veciños deste concello.

É a nosa aposta de futuro e, coa implicación de todos, Campo Lameiro será, como xa foi na antigüidade, un núcleo de progreso e un centro de referencia no norte peninsular.



Estrada de acceso ó Parque Arqueolóxico e senda peonil

O Parque inclúe máis de 80 grupos de petroglifos, unidos por unha senda peonil de madeira

O Parque Arqueolóxico traerá a Campo Lameiro máis de 80.000 visitantes ó ano

Campo Lameiro converterase o vindeiro Ano Santo nun dos principais centros de referencia turística e cultural de Galicia, coa inauguración do Parque Arqueolóxico, que comezará a funcionar antes do verán e que se espera que reciba

anualmente a máis de 80.000 visitantes. O Parque esténdese ó longo de 21,8 hectáreas, nas que se poden contemplar máis de 80 grupos de rochas con gravados rupestres, unidos por pasarelas de madeira de máis de 3 quilómetros.

RIM Campo Lameiro

Galicia terá en 2010 un novo centro de atracción turística. A inauguración do Parque Arqueolóxico será un dos fitos do vindeiro Ano Santo e convertirá a Campo Lameiro nun foco de atención para miles de visitantes, investigadores e estudosos da arte rupestre.

A apertura deste parque en pleno Xacobeo 2010 suporá, ademais, unha oportunidade única para a súa promoción turística a nivel internacional, tal e como sinalou o conselleiro de Cultura na súa recente visita a este complexo, o pasado 10 de xuño.

Protección e conservación

O Concello de Campo Lameiro concentra un dos maiores xacementos de arte rupestre de Europa, que na actualidade se están poñendo en valor non só coa construción do Parque Arqueolóxico, senón cun amplo abano de medidas complementarias orientadas á conservación, recuperación e mellora dos xacementos arqueolóxicos e do seu contorno.

Entre as actuacións que se



Un dos petroglifos que se poderán ver nas rutas do parque

están a desenvolver figuran a construción de plataformas de madeira para a observación dos petroglifos, a creación de sendas peonís ou a reparación dos camiños de acceso tanto ós xacementos incluídos no ámbito do parque como ós situados fóra.

Para estes traballos, a Consellería de Cultura destina cada ano 60.000 euros, que permiten tamén a renovación da vexetación do contorno dos petroglifos, adaptándoa na medida do posible

pola escorrentía no contorno da Laxe da Rotea do Mendo.

Valor incalculable

Todos estes traballos están a ser posibles grazas á implicación da Administración autonómica, que considera o patrimonio arqueolóxico de Campo Lameiro como un recurso de “valor incalculable”.

Así o puxeron de manifesto os actuais conselleiros da Presidencia, Alfonso Rueda; de Infraestruturas, Agustín Hernández; e de Cultura, Roberto Varela, que visitaron o Parque Arqueolóxico nos últimos meses e se mostraron “sorprendidísimos” da gran riqueza do Concello.

Tamén o presidente da Xunta se mostrou interesado en coñecer a evolución do Parque Arqueolóxico, polo que está previsto que próximamente faga unha visita privada ó Parque.

á que rodearía estes gravados no momento da súa creación.

Este ano, ademais, Cultura financiará as obras de acondicionamento do contorno dos petroglifos de Chan da Lagoa e do Campo de Matabois, que foron obxecto de actos vandálicos

Así mesmo, tamén se repararon os sendeiros danados

Congreso Internacional

Un dos obxectivos do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre é consolidar a Campo Lameiro como centro de referencia mundial para a difusión, estudo e investigación dos petroglifos.

Con ese obxectivo, desde o Goberno local estase a traballar xa para que o Centro de Interpretación e Documentación acolla un Congreso Internacional de Arte Rupestre, que reuniría en Campo Lameiro ós máis prestixiosos estudosos desta materia a nivel mundial.

José Manuel Rey Pichel, director xeral de Patrimonio

“Será un activo moi importante no desenvolvemento económico do concello”

Recén chegado ao seu novo cargo como director xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, José Manuel Rey Pichel amósase entusiasmado co proxecto do Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, un proxecto que permitirá que Galicia conte cun dos maiores parques arqueolóxicos de Europa.

RIM Campo Lameiro

Campo Lameiro convivió durante séculos coa grande riqueza cultural e patrimonial que supoñen os petroglifos, pero só nas últimas décadas se lle comeza a dar valor, ¿qué suporá para un pobo coma este ter no seu territorio un dos maiores parques arqueolóxicos de Europa?

-O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre será, sen dúbida algunha, un activo moi importante no desenvolvemento económico e social deste territorio. Xa desde que se presentou a idea, o Parque xerou unha serie de proxectos e puxo en marcha iniciativas importantes que redundan nunha mellor calidade de vida para os veciños: a reforma da estrada de acceso ao Parque, a renovación da rede de saneamento, a construción de beirarrúas, as reformas e mellores en establecementos de hostalaría do municipio, son elementos que relacionados directa coas expectativas que o Parque Arqueolóxico xerou tanto nas institucións como entre os propios veciños do concello.


¿Que se vai atopar o visitante cando se achegue ó Parque Arqueolóxico e como se lle van presentar os petroglifos e o seu contorno?

-En poucas palabras, atoparase cun patrimonio de valor incalculable, organizado e presentado de maneira que poida ser entendido e disfrutado por todos os visitantes, para iso, a visita ao Parque Arqueolóxico desenvolverase a partir de tres fitos fundamentais. O pri-

meiro deles será a visita á exposición estable que se abrirá no Centro de Interpretación e onde o visitante poderá adquirir a información necesaria para poder entender os petroglifos e o seu contexto social e ambiental. Logo, o visitante sairá ao exterior, a unha área arqueolóxica anexa, onde poderá contemplar un conxunto numeroso de petroglifos que conteñen os deseños xeométricos e figurativos máis comúns nos petroglifos de Galicia. Finalmente, a visita péchase co acceso a unha recreación dunha aldea da Idade do Bronce, que é a época na que se realizaron os gravados rupestres.

¿En que consiste esa recreación?

-A idea é achegar os visitantes ao modo de vida dos grupos humanos que crearon os petroglifos. Trátase dun espazo vivencial, no que os visitantes poderán entender algúns aspectos da vida cotiá dos autores dos petroglifos hai miles de anos. non se trata dun mero espazo estático, senón que os visitantes poderán participar, por medio de obradoiros, en tarefas propias da época, como a produción de alimentos ou a elaboración de cerámicas. Estas iniciativas, na liña do que se coñece



José Manuel Rey Pichel, director xeral de Patrimonio

como *living history*, adoita ter moito éxito entre os visitantes, e, de forma especial, entre o público escolar, xa que lles permite adentrarse activamente no que era a vida na Idade de Bronce.

-As rutas incluídas no parque circunscribíense ó contorno inmediato do Centro de Interpretación, ¿cal é a intención da Xunta de cara á conservación e difusión dos demais xacementos rupestres do concello?

-O obxectivo da Xunta é acondicionar para a visita os conxuntos de gravados máis salientables, co obxectivo de garantir a súa protección e incrementar os espazos patrimoniais para disfrute dos veciños e visitantes. Non obstante, a influencia do Parque trascende o nivel local e poderá incluír visitas a outros petroglifos acondicionados, como poden ser, pola súa proximidade, as áreas arqueolóxicas da Caeira, en Poio; Tourón, en Ponte Caldelas, ou os petroglifos de Mogor.

“A idea é que o Parque Arqueolóxico conte cun equipo de investigación estable”

O rico patrimonio cultural e natural de Campo Lameiro, recoñecido por estudosos de países como Suecia, Noruega ou Italia e tamén polas institucións autonómicas, fai pensar na posibilidade de orientar o futuro do concello “cara un desenvolvemento sostible no que a oferta cultural e de ocio xogue un papel moi importante”. A clave do éxito pode estar, segundo recoñecen técnicos de Patrimonio, na xeración dunha oferta diferenciada e de calidade, articulada en torno ó Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre e que aglutine ocio intelixente, cultura e natureza.

O Parque preséntase como un centro de referencia para o estudo, investigación e difusión da Arte Rupestre, ¿vai contar con algún equipo permanente de investigación ou será máis ben un centro de portas abertas para aqueles que queiran estudar os nosos petroglifos?

A idea é que o Parque Arqueolóxico conte cun equipo estable, capaz de dar

resposta aos problemas de conservación que afectan aos nosos petroglifos e de establecer protocolos ou boas prácticas para a documentación e rexistro dos petroglifos e para a súa posta en valor. Levar adiante estes obxectivos esixe un equipo suficiente e estable. Seguramente, haberá que partir cun equipo reducido, pero confiamos en que a dinámica positiva do propio Parque vaia permitindo o incremento progresivo do tamaño do equipo. Situacións coma esta, de reaxuste á alza das necesidades de persoal conforme se vai asentando o proxecto, son habituais en centros desta natureza,

“A repercusión do Parque Arqueolóxico na economía local será notoria”



Área de Recepción do Centro do Interpretación do Parque Arqueolóxico

como por exemplo no caso de Altamira. En todo caso, o Centro de Interpretación atópase aberto a outros investigadores que procedan de fóra e que contarán con espazos propios habilitados para desenvolver as súas investigacións. O intercambio de experiencias e de coñecemento experto entre investigadores e a participación con-

xunta en proxectos europeos é algo que se pretende potenciar desde o Parque.

¿Xerará emprego directo no concello?

-A repercusión do Parque Arqueolóxico na economía local será notoria e positiva. Nun concello de pouco máis de 2.000 habitantes a inci-

dencia do volumen de visitantes esperado ten que ser, por forza, moi notable. Seguramente, o Parque xerará a necesidade de contratar directamente persoas ou servizos que poden ser prestados pola poboación local. Non obstante, é máis previsible a repercusión do Parque na creación de emprego indirecto como consecuencia da necesi-

dade de prestar un conxunto heteroxéneo de servizos que, sen dúbida, demandará o público visitante. Neste sentido, o Parque Arqueolóxico pode ser un estímulo para todos aqueles que sexan capaces de recoñecer o potencial do Parque e apostar polas posibilidades que se abren coa súa inauguración.

Finalmente, ¿cando poderemos ver a pleno funcionamento este parque e cantos visitantes se espera que reciba anualmente?

- Un prazo asumible sería o primeiro semestre do ano 2010. Polo que atinxe ao número de visitantes, non temos estudos pechados, pero o que sí se pode dicir é que se prevé acadar cifras similares ás que teñen algunhas das instalacións expositivas máis visitadas en Galicia. A proximidade dalgunhas das cidades máis poboadas do país, a posición central entre Santiago e Pontevedra, a importancia numérica da poboación escolar que estuda a menos dúas horas de distancia do Parque Arqueolóxico, ou a cercanía ás Rías Baixas son factores que fan pensar no éxito de público.

3.500 metros cadrados de salas de exposición, biblioteca, arquivos e laboratorios e salas de guías

O Centro de Interpretación: un espazo para a divulgación e o estudo da arte rupestre

Cun investimento superior ós 6.386.000 euros, o Centro de Interpretación e Documentación da Arte Rupestre configúrase como un espazo para a divulgación, o estudo e o coñecemento dos petroglifos e de todas as manifestacións cultu-

rais con eles relacionadas. O edificio, que ocupa unha superficie de 3.500 metros cadrados, dispón de salas de exposición, biblioteca, arquivo, laboratorios e salas de investigación, ademais de cafeterías, tendas e almacéns.

RIM Campo Lameiro

O Centro de Interpretación e Documentación da Arte Rupestre, situado no lugar de Paredes, constitúe un verdadeiro espazo de divulgación, estudo e coñecemento dos petroglifos.

Cunha superficie de 3.500 metros cadrados e un investimento de 6.386.000 euros, o centro preséntase como un espazo de referencia onde está previsto que se concentre gran parte das actividades de investigación relacionadas coa arte rupestre que se dean en Galicia no futuro.

Trátase, pois, dun espazo que xogará unha dobre función: por unha banda, disporá de estancias destinadas á divulgación para que veciños e visitantes poidan comprender mellor a riqueza cultural e patrimonial que supoñen os petroglifos; e, por outra banda, contará con departamentos de investigación que farán de Campo Lameiro o centro de referencia para a investigación da arte rupestre a nivel mundial.

Espazo expositivo

Con esta finalidade, o Centro de Interpretación distribúese en dous andares: o primeiro dedicado ás actividades educativas e de divulgación e o segundo a investi-



O deseño arquitectónico do Centro de Interpretación busca a súa plena integración na paisaxe

gación e documentación.

No primeiro andar sitúase un punto de información, unha cafetería, unha tena e un amplo espazo expositivo dotado de salas de exposi-

ción, salas de proxección e salas de usos múltiples, a través das cales os visitantes poderán coñecer o significado, importancia e historia da arte rupestre a través de foto-

grafías, vídeos, calcos dos petroglifos e outros elementos divulgativos.

2,2 millóns de euros

Unha vez rematadas as obras do edificio, a Consellería de Cultura tramita xa a adxudicación dos traballos necesarios para dotar de contido o espazo expositivo.

A montaxe destas exposicións suporá un investimento de 2,2 millóns de euros, e terá como obxectivo crear un espazo atractivo para o visitante, onde a combinación de soportes tradicionais e novas tecnoloxías permitan un achegamento lúdico ó coñecemento dos petroglifos.

Centro de Investigación

O histórico interese de arqueólogos e outros estudosos por Campo Lameiro terá tamén o seu reflexo no Centro de Interpretación, que incluírá no segundo andar un amplo espazo destinado á investigación, con laboratorios, arquivo, biblioteca e salas de estudo.

O obxectivo é que o centro dispoña dos equipos e materiais necesarios para a catalogación, estudo e análise dos petroglifos, de forma que á riqueza arqueolóxica do propio concello se lle sume un espazo atractivo para o estudo, que converta a Campo Lameiro nun centro de referencia mundial para os investigadores.

Os traballos incluírán a creación de pasarelas de madeira e o ensanchamento dos sendeiros

O proxecto de dinamización do Lérez inclúe un paseo fluvial apto para persoas con discapacidade

O proxecto de dinamización do río Lérez inclúe a construción dun sendeiro botánico e dun paseo fluvial adaptado para minusválidos. Así como a recuperación de varios muíños e a creación dun espazo adaptado para a pesca sen morte. Os traba-

llos afectarán a un área total próxima aos 14.000 metros cadrados. O obxectivo deste proxecto é protexer e recuperar para uso social este espazo fluvial, declarado de interese comunitario e incluído na Rede Natura 2000.



Imaxe do Río Lérez, na que se pode percibir gran variedade de flora de ribeira

RIM Campo Lameiro

A aposta polo desenvolvemento sustentable e pola promoción de Campo Lameiro como centro de referencia para o turismo cultural e natural, levou ó goberno local a impulsar un proxecto de dinamización do río Lérez co que se pretende, por unha banda, conservar os valores naturais deste espazo fluvial e, por outra, recuperalo para uso social e recreativo.

O proxecto supón a realización de obras de acondicionamento e mellora do contorno do Lérez e a creación dun coto de pesca fluvial sen morte.

As obras, que se executa-

rán en tres bloques e que serán financiadas en parte pola Deputación Provincial, que nos orzamentos deste ano inclúe xa unha partida de 300.000 euros para estes traballos, inclúen a creación dun parque botánico natural nas marxes do río, a construción dun paseo fluvial adaptado para que poida ser utilizado por nenos, maiores e persoas con discapacidade, e a recuperación da ruta dos muíños.

O paseo fluvial será o eixo central dos traballos, xa que será o que dote de maior accesibilidade tanto a área recreativa como a ruta dos muíños, ó tempo que serve

de guía nun itinerario para coñecer a flora natural de ribeira no contorno do Espazo Natural do Lérez.

O paseo incluírá a recuperación do vello pontillón sobre o regato dos Meneses e a contrución dunha pasarela peatonal de madeira sobre o Lérez.

Así mesmo, mellorarase o vello carreiro utilizado polos pescadores a ambas orillas do Meneses, converténdoo nun sendeiro peonil facilitante transitible.

Para iso, utilizaranse pasarelas de madeira e diminuiranse os desniveis existentes, facilitando o percorrido por todo o contorno do río.

Recuperar a flora autóctona

O Parque botánico natural incluído no Proxecto de Dinamización do Río Lérez converterase nun novo atractivo turístico e cultural para o concello de Campo Lameiro, ó tempo que permitirá que veciños e visitantes coñezan de primeira man a gran riqueza da flora de ribeira que existe no contorno da desembocadura do río Meneses.

Con este obxectivo, procederase á eliminación das especies foráneas, especialmente piñeiro e eucalipto, que serán substituídas por flora autóctona.

Tamén se procederá á poda das ramas mortas ou rotas da vexetación autóctona, coa finalidade de crear un espazo natural de alto valor paisaxístico.

As zonas de vexetación singular serán protexidas con listóns de madeira e todas as especies do parque botánico estarán identificadas por medio de placas nas que figurará o nome de cada árbore ou arbusto, de modo que veciños e visitantes poidan identificalas.

Recuperaranse varios muíños, entre eles os coñecidos como Muíños de Soutiño

O Concello promove a recuperación da Ruta dos Muíños e a mellora da área recreativa do Lodeiro

A recuperación da Ruta dos Muíños e a mellora da actual área recreativa do Lodeiro completan unhas actuacións coas que se pretende poñer en valor un dos recursos patrimoniais de maior valor turístico e paisaxístico do municipio, como é o

contorno do Lérez. Os traballos incluírán a rehabilitación de varios muíños, así como a limpeza e restauración das mesas, bancos e barbacoas da área recreativa situada a carón do refuxio de pescadores.

RIM Campo Lameiro

O paseo fluvial e o parque botánico natural que se construírán no contorno do río Lérez completaranse coa recuperación da Ruta dos Muíños e da área recreativa situada a carón da estrada que une Campo Lameiro con Cotobade, xunto ó refuxio de pescadores.

Os traballos previstos na área recreativa inclúen a restauración e limpeza dos elementos existentes na actualidade (mesas, bancos e barbacoas), así como dos sendeiros que a atravesan.

Pola súa banda, a recuperación da Ruta dos Muíños suporá a posta en valor destas construcións tradicionais, que abundan a carón do río Meneses e que na actualidade



A área recreativa do Lodeiro será acondicionada

de se atopan nun estado de abandono.

Deste xeito, os traballos non só suporán a eliminación da maleza e o ensanchamento dos accesos, senón

que se centrarán na recuperación dalgún dos muíños máis emblemáticos deste espazo, entre os que se inclúe un grupo de tres construcións coñecido como Muíños de Soutiño.

As obras requirirán de diversos traballos, como a eliminación da vexetación que recubre as paredes e a reconstrución dos muros e tellados.

Muíño activo

Así mesmo, está previsto que, co obxectivo de dotar de maior valor didáctico estas ruta, se proceda á recuperación integral dalgún muíño, de forma que veciños e visitantes non só poidan contemplar a súa estrutura

externa, senón que tamén teñan a posibilidade de velos en funcionamento.

Isto requirirá a recuperación da presa e a canle de entrada de auga, así como a reconstrución da maquinaria tradicional do muíño.

Unha vez recuperados, os muíños formarán un todo co Parque Natural Botánico, o paseo fluvial e a área recreativa, creándose así un espazo natural e recreativo de gran valor turístico.

Así mesmo, e co obxectivo de evitar danos ás novas infraestruturas e ás especies naturais, toda a área estará protexida cun valado de madeira que permitirá o acceso controlado de persoas e impedirá a entrada de todo tipo de vehículos.

Aparcamento

Nesta liña, é evidente que unha vez recuperada esta área se producirá un incremento notable do número de visitantes, o que requirirá dun espazo amplo para o aparcamento de vehículos.

Por iso, o Goberno local estuda a posibilidade de negociar coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Praderrei a cesión de terreos para a construción dun aparcamento amplo nas inmediacións do río.



O muíño de Soutiño é un dos que se pretende recuperar

Inclúen visitas a localidades onde xa funcionan diversas iniciativas de aproveitamento forestal

O concello organiza cursos sobre a capacidade do monte de xerar riqueza e emprego

O monte é un recurso cunha gran capacidade de xerar riqueza e emprego. Por tal motivo, o Concello de Campo Lameiro está a organizar cursos para formar ós propietarios forestais na xestión das súas terras.

RIM Campo Lameiro

Con máis de 7.000 hectáreas de superficie agraria e forestal, Campo Lameiro non pode desaproveitar un recurso que ten demostrado en numerosos puntos de Europa a súa capacidade de xerar emprego e riqueza.

Consciente desta realidade, o Goberno local está a organizar cursos para dar ós propietarios forestais unha formación que lles permita poñer en marcha actividades económicas nas súas terras.

A produción de cogumelos e froitos silvestres, a silvicultura, a produción madeireira,

o pastoreo ou a explotación dos recursos patrimoniais do monte con fins lúdicos e recreativos, son algunhas das actividades que se poden desenvolver nos montes do concello e sobre as que se está a ofrecer formación nos citados cursos.

Así mesmo, tamén se abordan cuestións como a xestión sustentable do monte ou a prevención de incendios forestais.

Co obxectivo de que os participantes nestas actividades poidan coñecer de primeira man as distintas formas de xestión da superficie



Imaxe dunha área forestal do municipio

forestal, os cursos inclúen visitas a diferentes puntos de Galicia onde se están a desenvolver con éxito actividades de aproveitamento económico da superficie agraria ou forestal.

En total o concello organi-

za cinco cursos, que rematarán o vindeiro mes de setembro.

Todos os interesados en participar nestas actividades formativas, poden dirixirse ó concello para obter máis información.

O Goberno local colaborará cos propietarios forestais na protección e conservación da paisaxe

RIM Campo Lameiro

O Concello de Campo Lameiro constituirase en Entidade de Custodia do Territorio co obxectivo de promover a conservación, protección e posta en valor dos recursos naturais e culturais do municipio.

Coa creación desta figura, o concello pretende impulsar acordos cos propietarios forestais para involucralos na conservación e bo uso da terra, promovendo unha xes-

tión eficaz do territorio, de forma que se combine a explotación económica destes espazos coa conservación dos seus valores naturais, sociais e históricos.

Como Entidade de Custodia do Territorio, o concello prestará asesoramento e axuda ás comunidades de montes e ós propietarios forestais e agrícolas sobre a planificación e xestión sustentable das súas parcelas.

Esta iniciativa enmárcase

na política de desenvolvemento sustentable que se está a impulsar desde o Goberno local, que considera que o futuro do Concello debe prestar especial atención ás actividades relacionadas co ocio, a cultura e a gran riqueza paisaxística do municipio.

Contorno do Lérez

Deste xeito, se o Parque Arqueolóxico suporá situar a Campo Lameiro como centro de referencia mundial no estudo, conservación e difu-

sión da arqueoloxía rupestre, a revitalización dos espazos naturais do municipio dará ó concello un valor engadido como punto de atracción turística e como modelo na protección do medio ambiente e da biodiversidade.

As primeiras iniciativas de protección do territorio iniciaránse nos terreos do contorno do Río Lérez, por ser este un espazo de interese comunitario e incluído na Rede Natura 2000.

Destinado a nenos e mozos de máis de 11 anos

O espazo Noites Xoves ofrece formas alternativas de ocupar o tempo de lecer

Co obxectivo de ofrecerlle á xunventude de Campo Lameiro novas alternativas de lecer, o Concello de Campo Lameiro puxo en marcha nos meses de setembro e outubro o programa "Noites Xoves". Destinado a rapaces e rapazas

de máis de 11 anos, o programa incluíu actividades lúdicas, deportivas e culturais coas que os máis novos puideron ocupar as horas da tarde-noite dos xoves e venres aprendendo novas habilidades.

RIM Campo Lameiro

Malabares, cine, baile, cociña, deporte e diversos obradoiros foron algunhas das actividades que os rapaces e rapazas de Campo Lameiro puideron aprender nos meses de setembro e outubro de 2008 grazas ó programa "Noites Xoves".

O obxectivo deste programa, impulsado pola concellaría de Servizos Sociais e que xa se iniciou en 2007, é ofrecer á xuventude do concello (a partir dos 11 anos) formas saudables de ocupar o tempo de lecer.

En total desenvolvéronse seis obradoiros e tres xorna-

das de actividades lúdicas e deportivas.

Os obradoiros abarcaron dende xogos malabares e circenses, ata as técnicas de gravación de curtometraxes; pasando por clases de bailes modernos e latinos; preparación de cócteles sen alcol e elaboración de pinchos, ademais de clases de risoterapia.

As clases de bailes modernos e latinos foron os que gozaron dunha maior acollida, xa que nel participaron 30 persoas, de idades comprendidas entre os 14 e os 42 anos.

Tamén foi elevado o interese polas clases de risoterapia,



Participantes no obradoiro de risoterapia

con 18 participantes, e os obradoiros de cócteles, malabares e gravación de curtometraxes, cunha quincena de participantes cada un.

O programa completouse

cunha maratón deportiva, unha xincana nocturna e unha festa de despedida do programa, con música disco e unha gran variedade de pinchos.

Preto de mil persoas participaron este ano no Desfile de Entroido de Campo Lameiro

RIM Campo Lameiro

Un total de 950 persoas participaron este ano no desfile de Entroido, que se está a converter no referente provincial, despois do de Pontevedra.

Nesta ocasión, o desfile estivo animado por cinco das mellores comparsas da provincia, que participaron como agrupacións convidadas. Trátase de *Os amoriños* de Bora, *Os paparrulos*, *Os de San Xulián* e *Os da caña*

de Marín e *Os Solfamidas* de Campo Lameiro. Xunto a eles desfilaron varios centos de persoas que, en grupo ou de forma individual, loitaron por facerse con algún dos premios do concurso.

Finalmente, os gañadores na categoría infantil foron *O paxaro mailo niño*, de Portas, e *Vellas glorias*, de Campo Lameiro. Na categoría de adultos, premiouse a *O faro e o fareiro*, de Pontevedra, e *VK invasión luar* de Cuntis.



O desfile de Entroido acada cada ano maior participación

Concedido polo Ministerio de Cultura

A Biblioteca Irmáns Ricoi gaña o premio María Moliner de animación á lectura

Obradoiros de ilustración, de teatro ou de creación literaria, así como sesións de contacontos ou talleres de lectura son algunhas das actividades que desenvolve a Biblioteca Irmáns Ricoi de Campo Lameiro e que a fixeron merecedora do

RIM Campo Lameiro

A labor de animación á lectura que nos últimos anos vén desenvolvendo a Biblioteca Irmáns Ricoi fixoa merecedora do premio María Moliner, que cada ano concede o Ministerio de Cultura en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.

O Ministerio de Cultura reconece con este premio a labor que a biblioteca está a realizar en todas as parroquias do concello a través do programa *En mi biblioteca contamos: yo, tú, él, nosotr@s, vosotr@s y ell@s*.

O obxectivo deste programa é crear hábitos de lectura en toda a poboación, polo

que esta iniciativa incluíu actividades dirixidas a grupos de distintas idades, dende os nenos de 0 a 3 anos ata as persoas da terceira idade.

Ao abeiro deste programa, a responsable da Biblioteca organiza diferentes actividades, que van desde contacontos ata obradoiros de teatro, ilustración ou literatura, a cargo de escritores e ilustradores de prestixio, como Jaureguizar, Marisa Irimia, Ánxeles Ferrer ou Chus Ferrín, entre outros.

Dez mil libros

Aínda que era a primeira vez que a Biblioteca Irmáns Ricoi se presentaba a este concurso, o Ministerio de Cultura valorou a calidade

premio María Moliner de animación á lectura que cada ano concede o Ministerio de Cultura. Este premio, consistente en 200 libros, permitiu ampliar o fondo bibliográfico da Biblioteca, que conta xa con preto de 10.000 exemplares.



Obradoiro de adornos de Nadal na Biblioteca

das actividades organizadas, e concedeu o premio, consistente nun lote de 200 libros que xa pasaron a engrosar os fondos da biblioteca, que na actualidade conta con preto de 10.000 publicacións.

Ademais deste galardón, a Biblioteca Pública foi premiada tamén pola Consellería de Cultura, que lle concedeu 1.000 euros destinados á adquisición de fondos bibliográficos.

Achegar os servizos da Biblioteca ás parroquias é o obxectivo dos obradoiros itinerantes



O contacontos o Carballo con botas visitou Campo Lameiro

RIM Campo Lameiro

A Biblioteca Irmáns Ricoi impulsa tamén un programa de obradoiros itinerantes cos que se pretende promover a lectura entre as persoas da terceira idade e diversas actividades dirixidas aos nenos.

Así, na Casa da Cultura de Couso e na Casa do Pobo de Redonde estanse a desenvolver os obradoiros *O mural dos nosos anos mozos*, con-

sistente na creación dun gran mural con fotos antigas dos participantes e *Taller de Lecturas Dramatizadas*, que deu lugar a un club de lectura e de teatro.

Pola súa banda, os pequenos recibiron a visita de varios contacontos, como o Carballo con Botas, que se achegou ata a Galescola, onde fixo as delicias dos cativos.

O curso de primeiros auxilios foi un dos máis demandados

A muller, centro dun programa de actividades do departamento de Servizos Sociais

Cursos de relaxación para cuidadoras, charlas sobre saúde e cursos de primeiros auxilios foron algunhas das actividades impulsadas polo departamento de Servizos Sociais do Concello de Campo Lameiro e destinados, preferentemen-

te, ás mulleres do municipio. Un colectivo sobre o que habitualmente recai todo o peso do coidado do fogar e das persoas dependentes, polo que require dunha atención especial que contribúa a mellorar a súa calidade de vida.

RIM Campo Lameiro

Aínda na actualidade, a muller segue a ser a que desenvolve na maioría dos casos a labor de cuidadora de todos os familiares e, especialmente, dos dependentes.

Campo Lameiro non é nisto unha excepción, polo que sobre moitas veciñas deste concello recai todo o peso do coidado do fogar e da familia, ademais da xornada laboral fóra da casa que en numerosas ocasións desenvolve tamén.

Por iso, o departamento de Servizos Sociais quixo prestar unha especial atención a este colectivo, dedicándolle un programa específico de actividades centradas, fundamentalmente, en aspectos relacionados co coidado da saúde.

Primeiros auxilios

Entre as actividades desenvolvidas figura un curso de primeiros auxilios, impartido por persoal da Cruz Vermella e que foi o que recibiu unha maior demanda.

Neste curso, aberto a todos os públicos, aínda que orientado especialmente a aquelas mulleres que teñen ó seu cargo a persoas dependentes, ofreceuse formación sobre primeiros auxilios básicos, como técnicas de reanima-



Un grupo de mulleres observa unha exposición na biblioteca ción, actuacións en caso de queimaduras ou de atragantamento, etc.

Os coñecementos adquiridos nestes cursos non só contribúen a que as cuidadoras poidan prestar unha mellor atención ós seus familiares, senón que tamén lle dan unha maior tranquilidade á hora de realizar a súa labor diaria.

Aprender a relaxarse

Unha labor que frecuentemente resulta estresante, tanto pola sobrecarga psicolóxica que supón percibir o sufrimento da persoa dependente como polo feito de que este traballo adoita recaer sobre unha única persoa, que se sente ás veces superada.

Por iso, tamén se impulsou un curso de *Relaxación para cuidadoras*, impartido por unha psicóloga e que se centrou na aprendizaxe de técnicas de relaxación e en como abordar os aspectos máis duros do coidado de persoas maiores ou dependentes, sen esquecer a necesidade de animar ás cuidadoras a dedicar-se tempo a sí mesmas, dado que para poder coidar “hai que coidarse”.

O programa de actividades pechouse cunha charla médico-sanitaria sobre saúde mental, organizada tras detectar nos servizos sociais o interese de moitas persoas nesta materia.

Promover a participación e a relación social

Un dos obxectivos das actividades que se están a impulsar desde o departamento de Servizos Sociais é crear novos ámbitos de relación social e promover a participación veciñal.

Os diversos cursos e obradoiros que se organizan cada ano en todas as parroquias do municipio permite non só acceder a novos coñecementos e habilidades, senón que tamén supón crear un novo espazo de relación social, especialmente necesario en concellos cunha gran dispersión poboacional como é o caso de Campo Lameiro.

Por iso, a implicación dos veciños e veciñas nestas actividades resulta prioritaria, polo que o Concello anuncia a través de bandos distribuídos por todas as parroquias as actividades que se organizan e anima a todos os interesados a participar nos cursos, obradoiros ou charlas que se celebran ao longo do ano.

Concello de Campo Lameiro

O saneamento das contas permitiralle ó Concello manter un bo nivel de investimento, pese á crise

Campo Lameiro é un dos concello coas contas máis saneadas da provincia

Campo Lameiro é un dos municipios menos endebedados da provincia, segundo un informe da Central de Información de Riscos do Banco de España. Este organismo destaca que, dos 62 concellos que forman a provincia, tan só 10 presen-

taban a finais de 2008 unhas contas totalmente saneadas. Esta situación permitiralle ó concello aumentar este ano o investimento en infraestruturas que, pese á crise, ascenderá a máis de 1,4 millóns de euros.

RIM Campo Lameiro

Pese á crise que atravesamos o país e que está a xerar serias dificultades de financiamento a moitos municipios, o concello de Campo Lameiro soubo manterse no nivel máis baixo de endebedamento de toda a provincia.

No entanto, o Goberno municipal acudiu a dous préstamos da Caixa de Anticipos, por un valor de 200.000 euros, que amortiza anualmente e lle permiten manter o seu nivel de investimento e gasto social.

Segundo revela un informe feito público polo Ministerio de Economía e Facenda e baseado nos datos da Central de Información de Riscos do Banco de España, a 31 de decembro de 2008, as contas municipais de Campo Lameiro estaban totalmente saneadas e o concello non presentaba ningunha débeda.

Eixes de actuación

Esta situación permitiralle ó goberno local impulsar neste ano investimentos de máis de 1,4 millóns de euros en infraestruturas e servizos.

A aposta por un desenvolvemento que permita compatibilizar o aproveitamento dos recursos coa conservación e a promoción do patrimonio cultural e natural será



A reforma da Chanciña de Abaixo permite dispor dunha moderna escola infantil

un dos eixes centrais da actuación do Goberno local para este ano 2009.

Con tal obxectivo, a corporación municipal aprobou un orzamento para este ano que ascende a 2.414.117 euros,

dos que 1,4 millóns se destinarán a obras de mellora e modernización de infraestruturas e a programas de servizos sociais.

Así mesmo, o orzamento inclúe partidas para actua-

cións de promoción cultural e turística, como as relacionadas co Parque Arqueolóxico ou coa promoción turística a través da Mancomunidade Terras de Pontevedra.

Infraestruturas e servizos

O orzamento municipal para 2009 inclúe varias partidas destinadas á mellora do equipamento urbano, ó acondicionamento de accesos e á adecuación de prazas e espazos públicos, así como á mellora do saneamento e do abastecemento de augas.

Entre as obras incluídas nos orzamentos está a mellora das prazas que rodean a Casa do Concello, incluíndo a Carballeira da Feira; a urbanización do parque empresarial, dotándoo de viais, iluminación e abastecemento de auga; as obras de saneamento

nos núcleos de Praderrei e Gargallóns; e a adquisición de diverso equipamento municipal, entre o que figura un camión con guindastre.

Así mesmo, destinaranse 56.000 euros á adquisición dos terreos necesarios para a construción dun Centro de Día; preto de 86.000 euros a rehabilitación da antiga escola de preescolar da Chanciña para destinala a Escola Municipal de Música e de preto de 61.000 euros á mellora dos accesos en San Miguel de Campo e en Praderrei.

A remodelación das prazas do contorno suporá un investimento próximo ó millón de euros

O novo edificio da Casa do Concello estará rematado neste mes de xullo

Tras o atraso producido nas obras como consecuencia da quebra da empresa adxudicataria dos traballos, a nova Casa do Concello estará rematada no mes de xullo. O novo edificio, que está sendo rematado pola empresa Taelpo, albergará

todas as dependencias municipais, así como os servizos de Correos e o Xulgado de Paz. Unha vez finalizada a construción do novo edificio, procederase á mellora de todas as prazas do contorno, cun investimento próximo ó millón de euros.

A nova Casa do Concello estará rematada neste mes de xullo, tralo atraso producido nas obras con motivo da quebra da empresa *Proinsa*, á que lle foran adxudicados os traballos, e que obrigou á súa paralización mentres non se procedía a unha nova adxudicación.

O novo edificio, que está sendo rematado por Taelpo, permitirá mellorar os servizos municipais e a atención ós veciños e veciñas do concello, ó xuntar nun único centro todas as dependencias municipais, así como os servizos de Correos e o Xulgado de Paz que, xunto coa Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, se situarán no primeiro andar.



En breve iniciarase a mellora do contorno da Casa do Concello

A Casa do Concello ten unha superficie construída de 662 metros cadrados, e incluírá un espazo de exposicións, así como o arquivo

municipal e o rexistro civil.

Mellora do contorno

Unha vez rematado o edificio, o Goberno local procederá á remodelación das pra-

zas e dos viais que rodean o edificio, para o que o alcalde xa requiriu do apoio económico da administración autonómica.

Nas entrevistas mantidas con responsables de diversas consellerías, o rexedor municipal, Julio Sayáns, recabou o compromiso dos conselleiros da Presidencia, que destinará 174.000 euros á remodelación das prazas de Pontevedra e do Cruceiro; de Industria, que investirá 226.000 euros na adecuación da Carballeira da Feira; e de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio, que destinará 400.000 euros á mellora das estradas, beirarrúas e á creación de novos apacadoiros.

Novas dotacións para o parque móbil municipal

RIM Campo Lameiro

Un novo camión sumouse no pasado mes de maio ó parque móbil municipal.

Trátase dun Nissan Cabstar con elevador e guindastre destinado sobre todo a traballos en altura, como a reparación de avarías no alumbeado público ou a substitución de lámpadas; así como para o abastece-

mento de material de construción en pequenas obras.

O novo vehículo, que supuxo un investimento de 24.000 euros, permitirá, por unha banda, mellorar a seguridade dos operarios municipais e, por outra, axilizar os traballos de reparación de avarías, que ata o de agora se realizaban valéndose dunha escada manual.



Camión con guindastre adquirido polo concello

En Castro de Orto, A Brea e Morañó

O concello impulsa melloras no abastecemento de auga

RIM Campo Lameiro

A extensión dunha rede de abastecemento de augas de calidade a todos os núcleos de poboación do municipio, é unha das prioridades do Goberno local.

Con esta finalidade, no pasado ano dotouse de novos depósitos e redes de abastecemento ós lugares de Castro de Orto, Morañó e A Brea.

As obras consistiron na construción de varios depó-

sitos e na instalación das canalizacións correspondentes desde estes ata os domicilios, co obxectivo de prestar un bo servizo a todos os veciños destes núcleos.

Na Brea, na parroquia de Muimenta, construíronse depósitos individuais para cada vivenda, mentres que en Castro de Orto (Couso) e Morañó (Campo), se instalaron depósitos colectivos con capacidade superior ós 100.000 litros.



Depósitos de auga da Brea, na parroquia de Muimenta

Permite compartir o servizo de autobús escolar

Tes + Bus: un programa para mellorar o transporte no rural

RIM Campo Lameiro

Facilitar os desprazamentos dos veciños e veciñas do concello dentro do termo municipal é o obxectivo do programa *Tes + Bus*, impulsado pola Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o transporte en áreas rurais e con escaseza de servizos de transporte público.

Esta iniciativa, que comezou a funcionar en Campo Lameiro o pasado ano, permite a utilización das prazas libres nos autobuses escolares para o desprazamento dos veciños do municipio.

Na actualidade, este servizo préstase nos percorridos de Fragas e Couso, ambos realizados pola empresa Cuíña.

Seguindo estas rutas, os veciños poden subirse ou baixarse en calquera das paradas da ruta escolar, pagando o prezo de un euro

por viaxe.

O servizo é utilizado sobre todo polas persoas que desexan achegarse desde o seu domicilio ata a cabeceira do concello (A Lagoa), tanto para a realización de xestións administrativas como para acudir ó centro de saúde ou para acceder ós servizos bancarios, aínda que tamén permite outros desprazamentos dentro da ruta escolar.

As paradas fixadas na ruta de Couso son Cimadevila, Castro de Orto, Padín, Armonda, Liñares, Couso, Rozas e Morañó; mentres que o autobús que recolle ós rapaces de Gargallóns ata Reboredo, fai tamén paradas en Redonde, Fontenla e Cerdeiras.

Finalmente, a ruta Fragas-A Laxe inclúe paradas en Cruces, Toural, Fontenla, Nogal e Laxe.

O campo de fútbol da Chanciña disporá de herba sintética e de novas bancadas e vestiarios



Obras de construción de novas bancadas do campo de fútbol

RIM Campo Lameiro

Este verán os clubs de fútbol de Campo Lameiro poderán comezar a disputar os seus partidos nun mellorado terreo de xogo, dotado de herba sintética.

As obras de remodelación do campo de fútbol da Chanciña, inclúen, ademais, a mellora do cerramento exterior, a dotación de novas gradas, a renovación

dos vestiarios e a construción de novas casetas que agora se sitúan na parte norte, a carón da pista de tenis.

Os traballos inclúen tamén a mellora do tendido eléctrico e da iluminación da instalación, a ampliación do terreo de xogo e a habilitación dunha zona de queceamento para os xogadores suplentes.

Concello de Campo Lameiro

As obras de Gargallóns inclúen a construción dunha depuradora

Gargallóns e Praderrei disporán en breve de saneamento

A extensión do saneamento a todos os núcleos de poboación do concello é unha das prioridades do Goberno municipal, que na actualidade está a desenvolver estes traballos nos lugares de Gargallóns e Praderrei. Cun orzamento total que supera os 200.000 euros, as obras están financiadas polo Concello, a Xunta e o Goberno central.

RIM Campo Lameiro

As obras que se están a desenvolver en Gargallóns contan cun orzamento que supera os 285.000 euros e inclúen a construción dunha depuradora PRU e a colocación de colectores para dar servizo a todas as vivendas deste núcleo.

En total instalaranse 566 metros de colectores de PVC, distribuídos en tres ramais.

Pola súa banda, as obras de Praderrei contan cun orzamento de 124.224 euros, achegados por Augas de Galicia, e teñen como obxecto mellorar e comple-



Obras de saneamento en Gargallóns.

tar o saneamento neste núcleo, onde xa se tiña construído unha parte da rede de alcantarillado como conse-

cuencia dos traballos de adecuación do contorno do Centro de Interpretación da Arte Rupestre.

Mellora dos accesos en varios núcleos

RIM Campo Lameiro

Un dos principais eixes de actuación do Goberno local é a mellora e conservación das estradas que dan acceso ós distintos núcleos de poboación do concello.

Unha destas obras é a realizada en Chacente, que incluíu o ancheamento da estrada existente - para o cal os veciños accederon a ceder parte dos seus terreos- e a pavimentación completa da estrada.

Os traballos contaron cun orzamento superior ós 50.000 euros e permitiron dotar este núcleo dun vial en condicións, que facilita o acceso tanto desde a estrada que conduce a Moraña como dende a que leva a Codeseda.

A esta obra súmase a mellora dos accesos en Parada, Morañó, Castriño, A Laxe, Reboredo, Praderrei, Mullerboa, A Lagoa e Cascaneda, entre outros. Os traballos foron realizados pola empresa Sercoysa e supuxeron un investimento total superior ós 156.000 euros.

Beirarrúas

Ademais, e co obxectivo de mellorar a seguridade viaria en Praderrei, o concello destinou 29.419 euros á construción de beirarrúas neste lugar.

O Concello mellora o contorno da ermida de Santa Margarida, en Paredes

RIM Campo Lameiro

Na súa aposta pola mellora e conservación dos recursos patrimoniais e culturais do concello, o Goberno municipal investiu máis de 80.000 euros na segunda fase das obras de mellora e adecentamento do contorno da ermida de Santa Margarida, en Paredes.

As obras incluíron a creación dun espazo de lecer ó redor da ermida, dotado de bancos, mesas e muros de pedra, ademais da mellora



Aspecto da capela de Santa Margarida e do seu contorno dos accesos. Estes traballos completan os realizados en anos anteriores e que permiti-

tiron a recuperación deste templo, que se atopaba en ruínas.

O concello tramita xa a adquisición dos terreos da Capeliña, propiedade do Arcebispado

O Centro de Día construírse no contorno da Igrexa de San Miguel de Campo

O Centro de Día de Campo Lameiro situarase nas inmediacións do adro da Igrexa de San Miguel de Campo, concretamente nos terreos denominados A Capeliña, despois de que o Goberno municipal negociase co Arcebispado a compra dos terreos. Segundo o proxecto elabora-

do polo Concello, o novo servizo disporá dun centro de estancias diurnas, dedicado á atención de persoas de máis de 55 anos que precisen de atención especializada durante o día, e dun fogar do Maior, que servirá de punto de encontro para as persoas de máis idade.

RIM Campo Lameiro

O Concello de Campo Lameiro está a tramitar a adquisición dos terreos necesarios para a construción dun Centro de Día, que se situará no contorno do adro da Igrexa de San Miguel.

Concretamente, o Goberno local negociou co Arcebispado a adquisición da veiga denominada a Capeliña e situada á marxe esquerda da estrada que conduce á igrexa.

O Centro de Día incluírá

un departamento de Estancias Diurnas, con capacidade para 50 persoas e no que se prestará atención especializada a persoas maiores de 55 anos que precisen da axuda para realizar actividades básicas da vida diaria. Así mesmo, disporía dun servizo de rehabilitación e fisioterapia e dun Fogar do Maior. Este último servizo preséntase como un lugar de encontro onde, ademais, se desenvolverán actividades orientadas a previr a dependencia.



Terreos onde se construírá o novo Centro do Día

As obras de apertura dunha nova rúa na Chanciña iniciaránse en breve

RIM Campo Lameiro

As obras de apertura dunha nova rúa de acceso á Chanciña iniciaránse en breve, despois de que se procedese ao pagamento das expropiacións dos terreos necesarios para a construción do novo vial.

A negativa dalgúns veciños a permitir o paso desta estrada polas súas propiedades prolongou máis do previsto os trámites para a adquisición destes terreos, que na actualidade xa foron postos á disposición da Consellería de Infrastru-



A nova rúa sumarase á aberta nas Veigas de San Miguel para iniciar as obras nos próximos meses.

Os traballos contan cun orzamento de 250.000 euros e consistirán na construción dunha rúa con 13 metros de

ancho, con dous carrís, beirarrúas e aparcamentos, mellorando notablemente os accesos á Galescola, ó Centro Médico, ó Campo de Fútbol, e á Piscina Municipal.

Escola de Música na Chanciña

A Banda Escola Unión Cultural de Campo Lameiro e a Coral Polifónica disporán en breve de novas instalacións nas que ensaiar. As obras de remodelación do antigo preescolar da Chanciña disporán dun investimento superior ós 83.000 euros e incluírán locais de ensaio e aulas adaptadas para a formación musical dos nenos e nenas que actualmente estudan na Escola Unión Cultural de Campo Lameiro.

Unha exhibición de Free Style (acrobacias con coches e motos), principal novidade deste ano

A Festa da Augardente incluíu un completo programa de actividades para nenos e maiores

A Festa da Augardente deste ano incluíu un amplo programa de actividades para nenos, mozos e maiores, entre os que destaca unha exhibición de Freestyle -consistente en arriscadas acrobacias con motos e coches- e diversos obra-

doiros lúdicos destinados a nenos e mozos. Así mesmo, e co obxectivo de adaptar a festa á actual situación de crise, o prezo do menú reduciuse a 10 euros, co que se conseguiu manter unha numerosa participación no xantar.

RIM Campo Lameiro

Campo Lameiro celebrou a última fin de semana de xuño a súa xa tradicional Festa da Augardente, que nesta ocasión acadou a súa XIII edición, con máis de setecentos participantes.

Nesta ocasión, o programa incluíu algunhas novidades, sendo a máis destacada unha exhibición de *Freestyle*, na que o afamado piloto portugués Paulo Martinho demostrou a súa habilidade ó volante de 4 motos e dous coches, facendo espectaculars saltos e acrobacias.

Así mesmo, durante toda a xornada do domingo, os amantes da artesanía puideron disfrutar dunha feira de exposición e venta de mel, cremas, cerámica, coiro, elementos de forxa, xoias e outros produtos artesanais.



Os cabaleiros da Pedra Moura elixen os mellores augardentes

Pregoeiros

As actrices galegas Mela Casal (alcaldesa de Portozás en *Mareas Vivas*) e Gloria Ferreiro (Dona Ermitar no *Luar*) foron as encargadas de elevar os ánimos do público cun ameno pregón, presentado por Alfonso González, e ó que acudiron numerosos veciños e visitantes.

Como preludio do día grande da festa, o sábado tivo lugar o tradicional concerto de Bandas de Música -que este ano contou coa participación da Unión Musical de Cabral e a Banda Escola Unión Cultural de Campo Lameiro- e a actuación do grupo folk A Roda.

Pola súa banda, os máis pequenos participaron en diversos obradoiros lúdicos e en xogos populares.

O programa completouse coa cata e selección das mellores augardentes a cargo da Orde dos Cabaleiros da Pedra Moura e cun xantar popular que, nesta ocasión e co obxectivo de axudar a sobrelevar a crise a todos os veciños do concello, tivo un prezo reducido de 10 euros, o que permitiu contar con numerosos participantes.

Como vén sendo habitual, a xornada rematou coa entrega de premios ós mellores augardenteiros, cunha queimada popular e co espectáculo de humor de Xacobo Pérez e Moisés Morais, do programa de Radio Voz *Corre Carmela que Chove*.



Os augardenteiros acenden os alambiques a primeira hora



A festa inclúe hinchables e diversos xogos para os máis cativos

A área recreativa do Lodeiro acolleu a celebración da Festa do Río

Unha festa para promover a conciencia ambiental de nenos e maiores

Concienciar a nenos e maiores sobre a riqueza do patrimonio natural e cultural do río Lérez e do seu contorno foi o obxectivo da Festa do Río, celebrada a pasada fin de semana na área recreativa do Lodeiro. Esta iniciativa, que forma parte

do programa de actividades creado para recuperar e conservar o contorno do Lérez e convertelo nun centro de atracción turística, busca a implicación de todos os veciños na protección e difusión deste espazo.

RIM Campo Lameiro

O contorno do Río Lérez é un dos elementos centrais da gran riqueza paisaxística de Campo Lameiro e supón un dos principais atractivos deste municipio.

Por iso, o Goberno local está a impulsar unha serie de actividades orientadas a promover a protección e conservación deste rico patrimonio, complemento ideal ó Parque Arqueolóxico.

A Festa do Río, celebrada o 21 de xuño, forma parte desta programación, coa que se pretende sensibilizar á poboación sobre a necesidade de apostar por un modelo de desenvolvemento susten-



Os paseos en piragua foron unha das atraccións da festa e conservación dos recursos naturais. Nesta ocasión, nenos e

maiores disfrutaron na área recreativa do Lodeiro dun amplo programa de actividades lúdicas para todos os públicos e que incluíu hinchables para nenos de todas as idades, obradoiros de chapas e de educación ambiental, xogos variados e concursos de pintura e fotografía co río como tema central.

Pola tarde, continuaron os obradoiros e xogos, ademais da exposición dos traballos realizados no concurso de pintura.

A todo iso sumouse a posibilidade de participar en paseos en piragua polo río, unha das actividades de maior éxito da xornada.

O Goberno local prepara xa a XVI Xuntanza da Terceira Idade, que terá lugar no mes de outubro



A xuntanza de 2008 incluíu un concurso de baile.

RIM Campo Lameiro

Como cada ano, o concello de Campo Lameiro prepara xa a XVI edición da Xuntanza da Terceira Idade que, como xa ben sendo habitual, se celebrará no mes de outubro.

Na última edición desta festa, máis de 200 maiores do noso concello déronse cita no Pavillón Municipal para compartir experiencias e participar nun xantar de

confraternidade que incluíu un desenfadado concurso de baile.

Nesta ocasión, o xantar non repetiu o menú doutros anos e os comensais disfrutaron de entrantes a base de tortilla e empanadas, seguidos de langostinos, merluza en salsa verde, tenreira asada e tarta de Santiago.

A xornada culminou cun baile amenizado polo dúo musical Lauma.

Campo Lameiro

Revista de Información Municipal. Nº 5. Xullo 2009

Xente de aquí



A festa da escuma é un dos principais atractivos do Mes Cultural para os máis pequenos



Nenos e maiores disfrutan da Festa da Bicicleta, que en cada edición incrementa o número de participantes



A comparsa “Os Solfamidas”, de Campo Lameiro, participa cada ano no desfile de Entroido



Ducias de veciños acuden cada ano ó certame de Bandas de Música.



Veciños e visitantes disfrutan dunha xornada na área recreativa do Lodeiro



Os nenos do CEIP Pedro Antonio Cerviño participan en numerosas actividades da Biblioteca Municipal